


O número



O número Pi, representado coa letra grega π , é a constante matemática máis famosa da historia.

por Alba Otero

Queres coñecela un pouco máis?

Datos curiosos



É tan famoso que ata ten un día propio, o 14 de marzo. Elixiuse esta data polos seus tres primeiros díxitos: 3,14.



Ata onde sabemos, é un número decimal con infinitas cifras decimais que non se repiten.



Ata o de agora calculáronse 62,8 billóns de decimais.

3,14159265358979323846264338...



Sabes que podes atopar a data do teu aniversario entre as cifras decimais de pi? Proba a buscar o teu nos carteis!

O xaponés Akira Haraguchi rompeu en 2006 o seu propio récord ao recitar 100.000 díxitos do número pi. Levoulle 16 horas e media, parando cada par de horas para beber auga e descansar un pouco. A súa anterior marca era de 13 horas e 83.431 díxitos do número pi, establecida en 2002.



Pódese calcular canto vale π ?

Calcular o valor de π non é unha tarefa sinxela, e ao longo da historia intentouse de distintos xeitos. Por exemplo, Arquímedes inscribe e circunscribe hexágonos nunha circunferencia e calcula os seus perímetros. Co seu método, obtivo unha aproximación de $3,14084507 < \pi < 3,14285714$

Atrévete a tentar descubrir o valor de π ?

Imos obter unha primeira aproximación do seu valor (cuns poucos decimais) empregando as circunferencias que atoparás asociadas a este póster.

$$L = 2 \cdot \pi \cdot r$$



$$\pi = \frac{L}{2 \cdot r}$$



O valor de π será o perímetro da circunferencia dividida entre o que mida o seu diámetro. Proba a calculalo, a ver canto che dá! Parécese ao valor que coñecemos? Por que?